

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2021 / 2022**

**IES DO CAMIÑO, PALAS DE REI
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA
1 de Abril de 2022**

Adaptación ao establecido na Orde do 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza (DOG do 11 de Febreiro de 2022).

Tal e como se indica e describe na *Orde do 25 de Xaneiro de 2022*, polo que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza publicada no DG do 11 de Febreiro de 2022 (de aquí en adiante, referida como "Orde"), a avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato actualízase no presente curso académico, facendo necesaria a presente adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Tecnoloxía.

ADAPTACIÓNS REFERENTES Á ESO PARA AS MATERIAS DE:

- PROGRAMACIÓN 1º ESO.
- TECNOLOXÍA 2º ESO.
- TECNOLOXÍA 3º ESO.
- T.I.C. 4º ESO.

Avaliación final:

Tal e como se indica na Orde, o curso organízase en tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

No período lectivo entre a terceira avaliación e a avaliación final realizaranse actividades da tipoloxía fixada no artigo 7.8 da Orde: reforzo, ampliación, etc... Tras realizar a terceira avaliación, o equipo docente realizará un breve informe para o alumnado con algunha das avaliacións suspensas, que servirá de punto de partida para o deseño e plantexamento das actividades de avaliación.

A cualificación da avaliación final realizarase do seguinte xeito:

1.- Alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas.

A cualificación da avaliación final será o resultado da media das tres avaliacións parciais, ao que se lle poderá sumar a puntuación derivada dunha proba escrita final.

Neste sentido, todo o alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas presentarse a unha proba final cos mesmos criterios que as probas desenvolvidas ao longo da avaliación e cos contidos das mesmas. Aplicarase o seguinte baremo:

- O alumnado que obteña un resultado inferior a 6 nesta proba, manterá a nota da avaliación final, sendo esta o resultado da media dos tres trimestres superados.

- O alumnado que obteña un resultado entre 6 e 7 nesta proba, sumará directamente 0,25 puntos á súa nota final.
- O alumnado que obteña un resultado entre 7 e 8 nesta proba, sumará directamente 0,5 puntos á súa nota final.
- O alumnado que obteña un resultado entre 8 e 9 nesta proba, sumará directamente 0,75 puntos á súa nota final.
- O alumnado que obteña un resultado superior a 9 nesta proba, sumará directamente 1 punto á súa nota final.

En relación á aproximación da cualificación final, unha vez realizada a media das tres avaliacións superadas e sumada, se procede, a puntuación derivada do baremo indicado no parágrafo anterior, será mediante redondeo de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior 0,5 e ao inferior se é menor.

2.- Alumnado con unha avaliación suspensa.

A cualificación da avaliación final será o resultado da media das dúas avaliacións parciais aprobadas (ponderado como dous terzos da cualificación final) co resultado dunha proba escrita final sobre os contidos abordados na avaliación parcial non superada (ponderado como un terzo da cualificación final).

En relación á aproximación da cualificación final, unha vez realizada a media das tres avaliacións superadas e sumada, se procede, a puntuación derivada do baremo indicado no parágrafo anterior, será mediante redondeo de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior 0,5 e ao inferior se é menor.

3.- Alumnado con dúas ou tres avaliacións suspensas.

A cualificación da avaliación final será o resultado dunha proba escrita final que abrangue todos os contidos estudados durante o presente curso e que poderá coincidir coa proba escrita final realizada ao alumnado coas tres avaliación parciais aprobadas (ver apartado 1).

En relación á aproximación da cualificación final, unha vez realizada a media das tres avaliacións superadas e sumada, se procede, a puntuación derivada do baremo indicado no parágrafo anterior, será mediante redondeo de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior 0,5 e ao inferior se é menor.

4.- Aclaracións.

Nas probas finais descritas nos puntos anteriores (apartados 1, 2 e 3) non estarán incluídos os contidos abordados nas prácticas realizadas no taller de Tecnoloxía.

ADAPTACIÓN REFERENTES Á BACHARELATO PARA AS MATERIAS:

- **TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I 1º BACH.**
- **T.I.C 1º BACH.**
- **IMAXE E SON 2º BACH.**

Tal e como se indica na Orde, o curso organízase en tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria, polo que continúa sendo aplicable o descrito na Programación Didáctica, coa diferenza de que esta última proba non se realiza no mes de setembro.

A principal diferenza é que durante o período abranguido dende a realización da avaliación final ordinaria até o remate do período lectivo, adicárase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades da tipoloxía descrita no artigo 13.6 da Orde: reforzo, recuperación e/ou ampliación.